



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

SESION PLENARIA extraordinaria

Día venres 26 de novembro de 2021,

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14:11 horas do día venres 26 de novembro de 2021, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

ASISTENTES:

ROBERTO REY MARTÍNEZ	79314640Z	PP
MANUEL FERREIRO MARZOA	34893023E	PP
JESUS MIGUEL PRADO CEA	46910475C	PP
M ^a ANGELES ALVAREZ CARRO	76363609K	PP
JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	76329065T	PP
OSCAR BOTANA RUA	44842883J	PP
JUAN CARLOS PORTOS BRA	76368290X	PP
ENRIQUE ASTRAY OTERO	45955540E	PSOE
JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	76363600N	PSOE
AURELIO GAREA PORTOS	79310360N	PSOE
MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE	35314415P	BNG

; baixo a Presidencia de 79314640Z, ROBERTO REY MARTÍNEZ como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Ángela María Viqueira Allo.

O Sr. alcalde-presidente, com carácter previo ao inicio dos asuntos incluídos na orde do día indica aos concelleiros presentes o desexo de gardar un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero em atención ao día 25 de novembro e polo falecemento dun concelleiro desta corporación durante 32 anos (1983-2012), Antonio Baicas, respecto do cal todos os concelleiros presentes acceden.

ORDE DO DÍA.

1.-APROBAR O PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXIA SUSTENTABLE (PACES) DO CONCELLO DE FRADES

O Sr. alcalde-presidente procede, en primeiro termo, a explicar en que consiste o PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXIA SUSTENTABLE (PACES) DO CONCELLO DE FRADES, en atención á necesaria adopción de medidas relativas ao cambio climático, contaminación e enerxía sustentable que afecte a globalidade en xeral e ao mesmo tempo que favorezan ao concello de Frades.

O técnico redactor do documento técnico, presente na sesión plenaria, procede a explicar a todos os concelleiros en qué consiste o documento en cuestión indicando todas as medidas que poden ser adoptadas tanto dende a cidadanía como dende as administracións os efectos de



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

poder dar solución aos efectos devastadores da contaminación e así dar solución ao problema do cambio climático.

MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, concelleiro do grupo municipal do BNG indica si este documento fai referencia á medidas que teñan que acadar os veciños e si se tivo en conta o sector gandeiro tan importante neste concello.

O técnico redactor indica que non se realizou un traballo de campo exhaustivo polo que respecta a dito sector, pero que si se recolleron os datos censados subministrados pola Xunta de Galicia.

O Sr. alcalde indica que unha vez aprobado este documento será obxecto de publicación no portal onde corresponda.

MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, concelleiro do grupo municipal do BNG pregunta que si adhesión a este plan tivo lugar na data de 08.03.2021 por qué se tardou tanto na redacción do documento técnico.

O S. Alcalde responde que se trata de prazos administrativos dependentes da consellería en cuestión, tendo tamén en conta o tema da pandemia que ralentizou todos os expedientes.

ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, indica que o importante neste asunto resulta ser a concienciación neste tema para poder darlle vida ao concello, e espero que isto non caía en papel mollado.

Unha vez que interveñen os concelleiros o Sr. alcalde procede a dar lectura a proposta:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación do PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE FRADES (PACES)

Expediente núm.2021/A008/000008

Visto o acordo adoptado, na sesión plenaria ordinaria celebrada en data de 8 de marzo do 2019, da Adhesión do Concello de Frades ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía promovido pola Unión Europea

Considerando a Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se establecen as bases reguladoras da segunda convocatoria para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento MT210A)

Considerando a aceptación da subvención concedida por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por importe de 4.000,00 €, para a asistencia técnica da elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES)

Visto o decreto de adxudicación de data 23/08/2021 número 2021-146 polo que se adxudica o contrato de asistencia técnica a FLINQ INGENIERIA SL con CIF B70490703, para a elaboración do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable do Concello de Frades.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Visto a redacción do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable do Concello de Frades elaborado pola empresa adxudicataria.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do Concello de Frades

Segundo.- Tramitar a presentación do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do Concello de Frades na páxina web europea do Pacto de Alcaldes.

Frades, data da sinatura dixital

O ALCALDE,

Roberto Rey Martínez

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP

3 PSOE

1 BNG

Votos en contra:

0 PP

0 PSOE

0 BNG

Abstenciones:

0 PP

0 PSOE

0 BNG

O pleno por unanimidade dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do Concello de Frades

Segundo.- Tramitar a presentación do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do Concello de Frades na páxina web europea do Pacto de Alcaldes.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14:32 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo. Ángela María Viqueira Allo.